



Resolución do 26 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba e se fai pública a lista definitiva para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2019/20 correspondente ao corpo de mestres, Orientación (597039)

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (DOG nº131, do 11 de xullo de 2017). No seu apartado segundo establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Por Orde do 7 de xuño de 2018 ditáronse as normas para a adxudicación de destino provisional entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de Educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e Mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de Mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou conselleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (DOG nº 113, do 14 de xuño).

O artigo 13.f) da devandita orde estableceu que a ordenación da lista de Orientación realizárase pola data de acceso á primeira interinidade ou substitución dunha especialidade do corpo de mestres. No suposto de que dúas ou máis persoas interinas accedieran á primeira interinidade ou substitución na mesma data, se pertencen á mesma lista, a ordenación realizárase pola orde que posúan na dita lista e, no caso de que formen parte de distintas listas, a ordenación realizárase pola orde alfabética dos apelidos.

Por Orde do 24 de setembro de 2019 engádese unha disposición adicional a Orde do 7 de xuño de 2018 que dispón que, para os únicos efectos do establecido no artigo 13.f) da orde, considerárase a Orientación unha especialidade do corpo de mestres (DOG nº182, do 25 de setembro).

De acordo co establecido no apartado segundo do texto refundido do Acordo de 20 de xuño de 1995 e o artigo 13.f) da Orde de 7 de xuño de 2018,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a lista definitiva para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2019/20 correspondente ao corpo de mestres, Orientación (597039).

Segundo. Ordenar a publicación da lista definitiva no portal de internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.gal.

Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.gal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez



Xacobeo 2021